

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

13141 *Orde ECC/2575/2015, do 30 de novembro, pola que se determina o contido, a estrutura e os requisitos de publicación do informe anual de goberno corporativo, e se establecen as obrigacións de contabilidade, das fundacións bancarias.*

ÍNDICE

- Capítulo I. Disposicións xerais.
 - Artigo 1. Obxecto.
 - Artigo 2. Ámbito de aplicación.
 - Capítulo II. Informe anual de goberno corporativo.
 - Sección 1.^a Disposicións xerais.
 - Artigo 3. Principio de transparencia informativa.
 - Artigo 4. Responsabilidade do informe anual de goberno corporativo.
 - Sección 2.^a Contido e estrutura do informe anual de goberno corporativo.
 - Artigo 5. Contido e estrutura do informe anual de goberno corporativo.
 - Artigo 6. Estrutura, composición e funcionamento dos órganos de goberno.
 - Artigo 7. Determinación da política de nomeamentos.
 - Artigo 8. Política de investimento na entidade de crédito participada.
 - Artigo 9. Outros investimentos: actuacións e política seguida.
 - Artigo 10. Política de remuneracións e gastos reembolsados.
 - Artigo 11. Información sobre os gastos reembolsados.
 - Artigo 12. Información sobre remuneracións.
 - Artigo 13. Operacións vinculadas.
 - Artigo 14. Política de conflitos de intereses.
 - Artigo 15. Actividade da obra social desenvolvida.
 - Sección 3.^a Requisitos de remisión e publicación.
 - Artigo 16. Obrigas de remisión do informe anual de goberno corporativo.
 - Artigo 17. Obrigas de publicación do informe anual de goberno corporativo.
 - Capítulo III. Normas e modelos de información financeira aplicables ás fundacións bancarias.
 - Artigo 18. Normas e modelos de información financeira.
 - Artigo 19. Información financeira.
 - Artigo 20. Fixación das obrigas contables.
 - Artigo 21. Modelos dos estados financeiros de carácter público.
- Disposición adicional primeira. Ámbito temporal do informe anual de goberno corporativo.
- Disposición adicional segunda. Informe de goberno corporativo correspondente ao exercicio 2014.
- Disposición derradeira primeira. Modificación da Orde ECC/461/2013, do 20 de marzo, pola que se determinan o contido e a estrutura do informe anual de goberno corporativo, do informe anual sobre remuneracións e doutros instrumentos de información

das sociedades anónimas cotizadas, das caixas de aforros e doutras entidades que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores.

Disposición derradeira segunda. Título competencial.

Disposición derradeira terceira. Habilitación normativa.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.

Anexo. Modelo de informe anual de goberno corporativo das fundacións bancarias.

A Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias, modificou profundamente o réxime das caixas de aforros e concluíu un proceso levado a cabo nos últimos anos polo cal se exixiu a determinadas caixas traspasar a súa actividade financeira a unha entidade bancaria e manter unicamente a actividade fundacional, para unha maior profesionalización no exercicio das súas actividades.

Neste marco, a Lei 26/2013, do 27 de decembro, decidiu introducir disposicións que reforzasen o goberno corporativo das caixas de aforros e das fundacións bancarias e incrementasen a transparencia no seu funcionamento.

Houbo dous elementos nos cales se viu necesario incidir de maneira especial para mellorar o funcionamento das caixas de aforros e das fundacións bancarias: o primeiro deles é o goberno corporativo, para cuxos efectos a Lei 26/2013, do 27 de decembro, contén un conxunto de normas que regulan a constitución e o funcionamento dos órganos de goberno daquelas entidades, procurando unha volta ao modelo tradicional das caixas de aforros como entidades de tamaño reducido e vinculadas ao territorio de orixe. O segundo deles é a transparencia, para o cal se exige que as fundacións bancarias, ao igual que as caixas de aforros, elaboren un informe anual no cal se recolla o seu goberno corporativo e a súa política de remuneracións, todo iso baixo o entendemento de que desta maneira se asegura un adecuado funcionamento destas entidades e, por extensión, dos mercados financeiros.

En particular, a creación das fundacións bancarias require que se diten as normas que regulen o seu funcionamento e organización e, igualmente, e este é o obxecto desta orde ministerial, que se desenvolva unha normativa de goberno corporativo e de publicación de remuneracións que sexa de aplicación ás fundacións bancarias. Desta maneira cúmprese o mandato previsto no artigo 48 da Lei 26/2013, do 27 de decembro, que exige ás fundacións bancarias que fagan público anualmente un informe de goberno corporativo.

Froito do anterior, o artigo 48 da Lei 26/2013, do 27 de decembro, prescribe o contido que deberá ter o informe de goberno corporativo das fundacións bancarias e habilita o ministro de Economía e Competitividade para dar formato e concretar o seu contido e as obrigas de elaboración e publicación. En todo caso, é importante destacar que este artigo fai alusión ao «contido mínimo» que, en todo caso, terá o informe, polo que non impide que nel se recollan outros aspectos conexos que, sen seren mencionados expresamente, teñan relevancia desde a perspectiva do bo goberno corporativo.

Por outro lado, debido á natureza especial deste tipo de entidades, como entidade a un tempo de carácter fundacional e de relevancia financeira, é necesario adaptar a normativa de contabilidade para ter en conta as súas peculiaridades, tal e como exige o artigo 46 da Lei 26/2013, do 27 de decembro, que habilita o ministro de Economía e Competitividade, ou o Banco de España coa habilitación expresa do ministro, para desenvolver as normas e os modelos a que se deberá axustar a contabilidade das fundacións bancarias.

Co fin de recoller estes mandatos, a orde ministerial estruturouse en tres capítulos: no primeiro fíxanse o obxecto e o ámbito de aplicación, o segundo contén as normas aplicables ao informe anual de goberno corporativo e o terceiro está dedicado ás normas de contabilidade aplicables ás fundacións bancarias.

Ademais, esta orde ministerial inclúe un anexo no cal se deseña, por medio de táboas, o formato en que deberá ser presentado o informe anual de goberno corporativo e se inclúen unhas instrucións e definicións que pretenden facilitar e homoxeneizar os traballos de elaboración do informe.

No capítulo I, como sinalamos, inclúense o obxecto e o ámbito de aplicación da orde ministerial, que remite á definición de fundación bancaria prevista na Lei 26/2013, do 27 de decembro, e recolle os mandatos de desenvolvemento normativo que esta norma prevé.

O capítulo II divídese en tres seccións. Na sección primeira introdúcese o principio de transparencia informativa, que obriga a que o informe anual de goberno corporativo se elabore con información íntegra e relevante, para poder obter unha visión adecuada da situación da fundación bancaria. Ademais, atribúese ao padroado, en canto máximo órgano de dirección da fundación, a responsabilidade última na elaboración do informe anual.

A sección segunda describe con maior concreción o contido do informe anual, de acordo coa estrutura prevista no artigo 48 da Lei 26/2013, do 27 de decembro.

En primeiro lugar, deberase achegar información relativa á estrutura, composición e funcionamento dos órganos de goberno das fundacións bancarias, o que afecta tamén o director xeral, o persoal directivo e os membros das comisións delegadas do padroado. A información que se compile baixo esta epígrafe achegará unha dobre visión, estática e dinámica, da forma en que está organizada e funciona a fundación bancaria.

Tamén se solicita información sobre a política de nomeamentos da fundación bancaria, tanto na propia fundación bancaria como na entidade bancaria en que participe, co fin de coñecer o modo como garante a fundación bancaria que as persoas que integran os seus órganos de goberno son as máis adecuadas.

Baixo unha terceira epígrafe demándase información sobre a política de investimento da fundación bancaria na entidade de crédito participada. Este aspecto é de enorme interese para coñecer o funcionamento da fundación bancaria e da entidade de crédito participada, pois clarifica as interrelacións entre ambas as entidades e permite detectar o modo como afectan as necesidades da fundación bancaria á xestión da entidade de crédito.

Posteriormente, de maneira paralela ao previsto no punto anterior, exíxese información sobre a política de investimento da fundación bancaria noutras entidades.

Outro elemento importante do informe anual de goberno corporativo constitúeo a información sobre remuneracións, que é regulada de forma extensa tamén nesta segunda sección.

Dado que a política de remuneracións é un aspecto intimamente conectado co bo goberno corporativo das institucións, a orde ministerial actúa cun elevado nivel de detalle. A información solicitada a este respecto deberá reflectir de maneira completa os ingresos percibidos polo persoal dos órganos de goberno no exercicio das súas funcións.

Esta epígrafe comprende, ademais, a información relativa ao reembolso dos gastos en que incorresen os padroeiros no exercicio das súas funcións. Desde logo, neste caso non se pode falar dunha remuneración, pois a función do padroeiro, tal e como prescribe a Lei 26/2013, do 27 de decembro, non pode ser remunerada. Pero, desde a perspectiva de bo goberno corporativo, resulta importante lograr toda a transparencia posible sobre este punto e coñecer as magnitudes destes reembolsos, dada a confusión que nalgunhas ocasións se produciu entre os conceptos de remuneración e de gasto reembolsable e a posibilidade de que tal confusión redunde nun menoscabo dos estándares de bo goberno corporativo. Nesta liña, débese aclarar que toda mención a remuneracións dos padroeiros que se faga na orde ministerial se refire a aquelas que poidan percibir pola prestación excepcional de servizos distintos a aqueles que lles corresponden como membros do padroado.

Así mesmo, solicítase, pola súa potencialidade para xerar prácticas non desexadas, información das operacións que a fundación bancaria puidese celebrar con partes que teñan unha vinculación especial con ela, e das situacións susceptibles de orixinar conflitos de intereses e os mecanismos para resolvelos.

Por último, dentro desta sección requírese que se achegue información suficiente respecto da actividade fundacional da fundación bancaria, que será a que constitúa o núcleo esencial das súas actuacións.

A sección terceira regula o procedemento de presentación do informe de goberno corporativo e indica o prazo para iso e as obrigas de publicidade que lle serán aplicables, todo iso partindo do principio de que os informes de goberno corporativo son verdadeiramente útiles se gozan dunha adecuada difusión que garanta o seu coñecemento polo público.

En canto ao capítulo III, non se determina o alcance da habilitación ao Banco de España para o desenvolvemento das normas e dos modelos de información financeira das fundacións bancarias. Estas normas e modelos, ademais de atenderen á imaxe fiel da fundación e permitiren a súa comparabilidade, deben ser útiles como instrumento para proporcionaren información relevante ao supervisor da entidade de crédito en que a fundación participa. Así, co obxecto de obter unha imaxe fiel e comparable, os modelos dos estados financeiros de carácter público presentaranse cun formato e cunha periodicidade determinados polo Banco de España e os datos contidos nos ditos modelos deberán ser utilizados nas comunicacións da entidade. Terase en conta tamén que as fundacións operan no contexto do mercado interior único, de modo que as normas e os modelos elaborados polo Banco de España se deberán axustar ás directrices ditas pola Unión Europea. Por outro lado, co fin de facilitar o labor de supervisión, a información financeira deberase presentar en estados financeiros de carácter público e reservado.

Finalmente, no anexo inclúese o formato conforme o cal se deberá presentar a información relativa ao goberno corporativo das fundacións bancarias, para o que se optou por repetir o modelo de táboas utilizado na elaboración doutros informes de goberno corporativo, pois é de fácil cumprimento, achega a claridade e uniformidade necesarias, e atense a unha estrutura de informe xa coñecida polo sector financeiro.

Adicionalmente, a disposición derradeira primeira modifica a Orde ECC/461/2013, do 20 de marzo, pola que se determinan o contido e a estrutura do informe anual de goberno corporativo, do informe anual sobre remuneracións e doutros instrumentos de información das sociedades anónimas cotizadas, das caixas de aforros e doutras entidades que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores. Esta modificación ten por obxecto habilitar a Comisión Nacional do Mercado de Valores para que actualice o contido e a estrutura destes informes á recente Lei 31/2014, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei de sociedades de capital para a mellora do goberno corporativo e o novo Código de bo goberno das sociedades cotizadas, aprobado polo Acordo do Consello do dito organismo o pasado día 18 de febreiro.

Na súa virtude, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. As fundacións bancarias farán público, con carácter anual, un informe de goberno corporativo, cuxo contido, estrutura e requisitos de publicación se axustarán ao disposto na Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias, e nesta orde ministerial.

2. Esta orde ten por obxecto:

a) Determinar o contido mínimo, a estrutura e os requisitos de publicación do informe anual de goberno corporativo das fundacións bancarias, en desenvolvemento do disposto no artigo 48.1 da Lei 26/2013, do 27 de decembro.

b) Desenvolver as normas e os modelos a que se deberá suxeitar a contabilidade das fundacións bancarias, de acordo co disposto no punto 3 do artigo 46 da Lei 26/2013, do 27 de decembro.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Esta orde será de aplicación ás fundacións bancarias previstas no título II da Lei 26/2013, do 27 de decembro.

CAPÍTULO II

Informe anual de goberno corporativo

Sección 1.^a Disposicións xerais

Artigo 3. *Principio de transparencia informativa.*

A información que se incluíra no informe anual de goberno corporativo das fundacións bancarias deberá ser clara, íntegra e veraz, sen que poida conter información que induza a erro ou confusión.

Artigo 4. *Responsabilidade do informe anual de goberno corporativo.*

1. O padroado da fundación bancaria é o órgano responsable da elaboración, da remisión, da publicación e do contido do informe anual de goberno corporativo.

2. O padroado aprobará e remitirá ao protectorado competente o informe anual de goberno corporativo acompañado da certificación expedida polo secretario co visto e prace do presidente.

Sección 2.^a Contido e estrutura do informe anual de goberno corporativo

Artigo 5. *Contido e estrutura do informe anual de goberno corporativo.*

1. O informe anual de goberno corporativo das fundacións bancarias terá o contido mínimo previsto nesta sección e estruturarase nas seguintes epígrafes:

- a) Estrutura, composición e funcionamento dos órganos de goberno.
- b) Determinación da política de nomeamentos.
- c) Política de investimento na entidade de crédito participada.
- d) Outros investimentos: actuacións e política seguida.
- e) Política de remuneracións e gastos reembolsados.
- f) Operacións vinculadas.
- g) Política de conflitos de intereses.
- h) Actividade da obra social desenvolvida.

2. A información que debe incluír o informe anual de goberno corporativo será a correspondente aos feitos acaecidos no exercicio económico inmediatamente anterior ao da súa remisión ao protectorado.

3. O informe anual de goberno corporativo axustarase ao formato establecido no anexo desta orde.

Artigo 6. *Estrutura, composición e funcionamento dos órganos de goberno.*

O informe anual de goberno corporativo incluíra unha epígrafe titulada «Estrutura, composición e funcionamento dos órganos de goberno», que conterà, ao menos, a seguinte información:

1. Datos identificativos da fundación bancaria e data de fin do exercicio de referencia.
2. Estrutura dos órganos de goberno.

a) Órganos existentes, competencias e funcións que lles corresponden, especificando se as exercen ou non por delegación e o carácter vinculante ou consultivo dos seus acordos.

b) Enumeración das competencias que sexan indelegables.

c) Existencia ou non de regulamentos do padroado e das comisións ou outros órganos de goberno, así como indicación do lugar en que, se é o caso, están dispoñibles para a súa consulta. Tamén se indicarán as modificacións que se realicen sobre estes.

3. Composición dos órganos de goberno.

a) Número de padroeiros e xustificación da súa proporcionalidade en relación co volume de activos da fundación bancaria.

b) Identificación dos padroeiros e identificación do grupo a que pertence cada un deles. No caso de padroeiros que sexan persoas xurídicas, incluírase a identidade das persoas físicas que os representen.

c) Identificación dos padroeiros que estean incurso no suposto previsto na disposición transitoria segunda da Lei 26/2013, do 27 de decembro.

d) Xustificación detallada e razoada, en relación con cada un dos padroeiros, do cumprimento dos requisitos necesarios para pertencer ao grupo correspondente.

No caso dos padroeiros que pertencen ao grupo previsto no artigo 39.3.c) da Lei 26/2013, do 27 de decembro, identificarase a achega significativa a que fai referencia o último parágrafo do punto 3 do dito artigo.

e) Identidade do presidente, do director xeral, do secretario do padroado, con expresa mención da súa condición ou non de padroeiro e cunha descrición detallada e razoada da súa experiencia profesional para os efectos do desempeño das súas funcións.

f) Composición das comisións delegadas e das demais comisións e órganos delegados ou de apoio do padroado.

4. Funcionamento.

a) Normas relativas á constitución dos órganos de goberno, quórum de asistencia, fixación da orde do día, réxime de adopción de acordos, información que facilitarán aos seus membros e sistemas previstos para o acceso de cada un deles á dita información.

b) Periodicidade das reunións e regras relativas á súa convocatoria, xunto coa referencia aos supostos nos cales os seus membros poden solicitar a convocatoria das reunións para tratar asuntos que consideren oportunos. Indicarase o número de reunións que foron convocadas e celebradas.

c) Sistemas internos establecidos, se é o caso, para o control do cumprimento dos acordos adoptados polos órganos de goberno.

Artigo 7. Determinación da política de nomeamentos.

O informe anual de goberno corporativo incluírá unha epígrafe titulada «Determinación da política de nomeamentos», que conterá, ao menos, a seguinte información:

1. Descrición do procedemento de nomeamento aplicable ao padroado da fundación bancaria e demais órganos de goberno.

2. Descrición das medidas e dos procesos implementados, se é o caso, para asegurar que as persoas designadas nos órganos de goberno da fundación bancaria observan os requisitos exixidos pola lei para desempeñar as súas funcións.

3. Identificación, se é o caso, de órganos ou comisións específicas que se creasen para exercer as funcións relacionadas coa política de nomeamentos.

Artigo 8. Política de investimento na entidade de crédito participada.

O informe anual de goberno corporativo incluírá unha epígrafe titulada «Política de investimento na entidade de crédito participada», que conterá, ao menos, a seguinte información:

1. Obxectivos da política de investimento na entidade de crédito participada e criterios que rexen a xestión por parte da fundación bancaria da súa participación naquela.
2. Información sobre as operacións de adquisición e transmisión de accións da entidade de crédito participada e sobre calquera outra operación que poida alterar os dereitos de voto da fundación bancaria na entidade de crédito participada.
3. Política mantida pola fundación bancaria en relación coa distribución de resultados por parte da entidade participada, incluíndo a repartición de dividendos e o incremento de recursos propios, e maneira en que se exerceu o dereito de voto sobre estes asuntos.
4. Información, se é o caso, sobre a política de acordos da fundación bancaria con outros accionistas da entidade de crédito participada.

Así mesmo, informárase sobre os acordos celebrados con terceiros que a obriguen a adoptar, mediante o exercicio concertado dos dereitos de voto de que dispoña, unha política común no que se refire á xestión da entidade de crédito participada ou que teñan por obxecto influír de maneira relevante nela.

Artigo 9. Outros investimentos: actuacións e política seguida.

O informe anual de goberno corporativo incluírá unha epígrafe titulada «Outros investimentos: actuacións e política seguida», que conterá, ao menos, a seguinte información:

1. Política de investimento seguida, a maneira en que foi aplicada e os seus resultados, se é o caso, en cada unha das sociedades distintas á entidade de crédito participada, especificando se se exerceu o dereito de voto nas xuntas xerais das sociedades e, nese caso, o sentido en que se exerceu.
2. Órganos que, se é o caso, teñan atribuída a competencia para a adquisición, alleamento e outros actos de disposición de participacións empresariais.
3. Información sobre as operacións de adquisición e transmisión de accións das sociedades participadas.
4. Política mantida pola fundación bancaria en relación coa distribución de resultados das sociedades participadas, incluíndo a repartición de dividendos e o incremento de recursos propios, e maneira en que se exerceu o dereito de voto sobre estes asuntos.

Artigo 10. Política de remuneracións e gastos reembolsados.

O informe anual de goberno corporativo terá unha epígrafe titulada «Política de remuneracións e gastos reembolsados», que conterá, ao menos, a seguinte información:

1. Información sobre a política de reembolso dos gastos en que incorran os padroeiros no exercicio da súa función, o que inclúe a súa participación nas comisións e órganos delegados ou apoderados do padroado, así como sobre os gastos efectivos reembolsados, conforme o establecido no artigo 11.
2. Información sobre a política de remuneracións e, en particular, sobre as remuneracións percibidas polos padroeiros, se é o caso, pola prestación de servizos distintos dos que lles corresponden como membros do padroado, conforme o establecido no artigo 12.

Neste suposto, deberase informar sobre a data, os termos e as condicións en que se adoptou o acordo do protectorado previsto no artigo 40.4 da Lei 26/2013, do 27 de decembro, mediante a cal se autoriza a remuneración.

3. Remuneracións percibidas polo director xeral, o secretario do padroado, así como polo persoal directivo, conforme o establecido no artigo 12.

4. Para os efectos do disposto neste artigo incluírase información sobre a remuneración outorgada a calquera persoa que tivese desempeñado as funcións previstas nos puntos anteriores durante o exercicio económico correspondente, con independencia do feito de que o seu mandato terminase antes da finalización do dito exercicio ou da data de remisión do informe anual de goberno corporativo ao protectorado. Tamén se incluírá

información sobre toda remuneración outorgada durante o exercicio económico correspondente ás persoas que exerceron anteriormente aquelas funcións, incluídas as devindicadas ou satisfeitas en materia de pensións ou de pagamento de primas de seguros de vida.

Artigo 11. *Información sobre os gastos reembolsados.*

A información sobre gastos reembolsados a que se refire o artigo 10.1 especificarase, ao menos, da seguinte maneira:

1. Información sobre a política de reembolso dos gastos aos padroeiros como consecuencia do exercicio do seu cargo, incluídas as regras e condicións de reembolso, gastos que son considerados reembolsables, medios de pagamento utilizados para facer os reembolsos e límites máximos establecidos pola fundación bancaria, así como o procedemento e o órgano competente para aprobalos.
2. Información sobre a cifra global anual dos gastos reembolsados ao padroado e a súa variación con respecto aos tres exercicios inmediatamente anteriores.
3. A información prevista no punto anterior desagregarase nos seguintes conceptos:
 - a) Gastos reembolsables para viaxes.
 - b) Gastos reembolsables para manutención.
 - c) Gastos reembolsables protocolarios, de conformidade cos usos habituais, sociais e de cortesía.

Artigo 12. *Información sobre remuneracións.*

A información sobre remuneracións a que se refire o artigo 10.2 e 3 detallarase, ao menos, da seguinte maneira:

1. Información sobre o procedemento de determinación e aprobación da política de remuneracións, con indicación dos órganos intervinientes.
2. Información da política de remuneracións para o exercicio en curso, que comprenderá, ao menos, a seguinte información:
 - a) Importe dos compoñentes fixos e axudas de custo, así como dos conceptos retributivos de carácter variable, cos criterios do desempeño elixidos para o seu deseño e métodos previstos para determinar o cumprimento dos criterios e os períodos de diferimento ou aprazamento de pagamento que se establecesen. Igualmente, sinalarase a porcentaxe que os conceptos retributivos variables representan respecto dos fixos, tanto individual como globalmente.

Este punto incluírá, en caso de que existan:

 - 1.º As retribucións fixas.
 - 2.º As axudas de custo de asistencia.
 - 3.º Calquera remuneración en concepto de participación en beneficios ou primas da entidade de crédito participada e a razón pola que se outorgaron.
 - 4.º Opcións sobre accións ou calquera outro instrumento referenciado ao valor da acción da entidade bancaria participada.
 - 5.º Parámetros esenciais e fundamento de calquera sistema de primas anuais ou bonus e doutros beneficios non satisfeitos en efectivo.
 - 6.º Unha estimación do importe absoluto das retribucións variables a que dará orixe o plan retributivo proposto en función do grao de cumprimento das hipóteses ou obxectivos que tome como referencia.
 - 7.º As achegas ao seu favor a plans de pensións de achega definida ou o aumento de dereitos consolidados cando se trate de achegas a plans de prestación definida. Nestes casos emitirase informe ademais sobre os dereitos acumulados.
 - 8.º Calquera indemnización devindicada ou satisfeita en caso de terminación dos seus mandatos ou funcións.

9.º Calquera retribución en forma de anticipos, créditos e garantías concedidos, con indicación do tipo de xuro, as súas características esenciais e os importes eventualmente devoltos, así como as obrigas conexas a título de garantía.

10. As remuneracións en especie.

11. As remuneracións que, se é o caso, se perciban da entidade de crédito participada ou da sociedade, a través das cales a fundación bancaria manteña directa ou indirectamente a participación na entidade de crédito en cuestión, co detalle dos conceptos en virtude dos cales se perciben.

12. Calquera outro concepto retributivo distinto dos anteriores, con independencia da súa natureza ou da entidade do grupo que o satisfaga, especialmente cando teña a consideración de operación vinculada ou a súa omisión distorsione a imaxe fiel das remuneracións totais devindicadas ou sexa percibido polos padroeiros.

b) Principais características dos sistemas de previsión cunha estimación do seu importe ou custo anual equivalente.

c) Cambios máis significativos da política retributiva respecto da aplicada durante o exercicio anterior.

d) Información sobre as accións adoptadas pola fundación bancaria en relación co sistema de remuneración para evitar que se asuman riscos excesivos e para axustalo aos obxectivos, valores e xuros a longo prazo da fundación.

e) Información suficiente sobre os prazos fixados para a dispoñibilidade das accións da entidade de crédito participada tras a adquisición da súa plena propiedade.

3. Política de remuneracións prevista para os tres exercicios seguintes. Deberase realizar unha previsión xeral da política de remuneracións para os tres exercicios seguintes, que describa a dita política con, ao menos, este alcance:

a) Información sobre os conceptos retributivos e, en especial, sobre:

1.º Compoñentes fixos e axudas de custo e retribucións de carácter variable.

2.º Relación entre a remuneración e os resultados.

3.º Sistemas de previsión.

b) Previsión dos cambios máis significativos da política retributiva con respecto a exercicios precedentes que incluírá información sobre:

1.º Procedemento de determinación e aprobación da política de remuneracións prevista para os exercicios seguintes.

2.º Incentivos creados pola fundación bancaria no sistema de remuneración para reducir a exposición a riscos excesivos e para axustalo aos obxectivos, valores e xuros a longo prazo da fundación bancaria.

4. Detalle das retribucións devindicadas durante o exercicio anterior. Dentro desta epígrafe conterase, ao menos, a desagregación individualizada da remuneración das persoas comprendidas no artigo 10.2 e 3, de acordo co previsto no punto 2.a) deste artigo.

5. Resumo global da política de retribucións do exercicio anterior.

Artigo 13. *Operacións vinculadas.*

O informe anual de goberno corporativo incluírá unha epígrafe titulada «Operacións vinculadas», que conterá, ao menos, a seguinte información:

1. O órgano competente e o procedemento para a aprobación das operacións significativas con partes vinculadas ou con entidades intragrupo.

2. Información sobre as operacións significativas realizadas con partes vinculadas ou con entidades intragrupo, desagregada en operacións realizadas pola fundación bancaria:

a) Cos padroeiros da fundación, cos seus cónxuxes ou cos seus familiares próximos.

b) Cos grupos a que se refire o artigo 39.3 da Lei 26/2013, do 27 de decembro, que contén con representación no padroado.

c) Cos membros das comisións delegadas e cos órganos delegados ou apoderados do padroado.

d) Co director xeral, o secretario xeral, os titulares de calquera outro órgano directivo ou administrativo e o persoal directivo da fundación bancaria.

e) A entidade de crédito participada ou os membros do consello de administración daquela.

f) As entidades ou sociedades que formen parte do mesmo grupo que a fundación bancaria ou os membros dos órganos de administración, dirección ou padroados daquelas.

g) As entidades ou sociedades distintas das previstas no parágrafo anterior que formen parte do grupo a que pertence a entidade bancaria participada pola fundación ou os membros dos seus órganos de administración, dirección ou padroados.

h) Outras partes vinculadas.

3. Información sobre as operacións significativas realizadas con partes vinculadas ou con entidades intragrupo, desagregada en operacións realizadas polos padroeiros da fundación, os seus cónxuxes ou os seus familiares próximos:

a) Coa entidade de crédito participada ou cos membros do consello de administración daquela.

b) Coas entidades ou sociedades que formen parte do mesmo grupo que a fundación bancaria ou os membros dos órganos de administración, dirección ou padroados daquelas.

c) As entidades ou sociedades distintas das previstas no parágrafo anterior que formen parte do grupo ao cal pertence a entidade bancaria participada pola fundación ou os membros dos seus órganos de administración, dirección ou padroados.

d) Outras partes vinculadas.

4. A información prevista nos puntos anteriores tratará, ao menos, sobre os seguintes elementos:

a) O tipo e a natureza das operacións efectuadas.

b) As partes que interviñeron na operación vinculada.

c) A súa cuantificación.

d) As condicións e os prazos de pagamento.

e) As garantías outorgadas e recibidas e as partes vinculadas que, se é o caso, interviñesen nelas.

f) Calquera outro aspecto relevante das operacións que permita unha adecuada interpretación da operación efectuada.

A información poderase presentar de forma agregada no caso de que afecte partidas de contido similar.

5. A información distinguirás, por un lado, as operacións realizadas desde o inicio do exercicio económico ata a data de peche do período a que se refire o informe que presentará a fundación bancaria e, por outro lado, as realizadas con anterioridade ao inicio do exercicio económico aínda non extinguidas.

6. En todo caso, informarase de calquera operación intragrupo realizada con sociedades establecidas en países ou territorios que teñan a consideración de paraíso fiscal.

Artigo 14. *Política de conflitos de intereses.*

O informe anual de goberno corporativo terá unha epígrafe titulada «Política de conflitos de intereses», que conterá, ao menos, a seguinte información:

1. Conflitos de intereses que afectasen a fundación bancaria e as seguintes persoas:

a) Os padroeiros, os seus cónxuxes ou os seus familiares próximos.

b) Calquera sociedade ou entidade na cal o padroeiro teña, directa ou indirectamente, unha participación social significativa e as sociedades ou entidades nas cales o padroeiro exerza persoalmente ou mediante representación un cargo de administración ou de dirección, ou das cales perciba remuneracións por calquera causa.

c) As entidades ou persoas pertencentes a algún dos grupos previstos no artigo 39.3 da Lei 26/2013, do 27 de decembro, que contén con representación no padroado.

d) O director xeral, o secretario e os directivos da fundación bancaria.

e) Os membros das comisións delegadas e os órganos delegados ou apoderados do padroeiro.

2. Procedementos para detectar e resolver os posibles conflitos de intereses que poidan afectar a fundación bancaria ou o seu grupo, e as persoas e entidades previstas no punto anterior.

3. Procedementos de decisión especiais establecidos, se é o caso, para a concertación de operacións entre os padroeiros, os seus cónxuxes ou os seus familiares próximos, o director xeral, o secretario ou o persoal directivo da fundación bancaria e a entidade de crédito participada.

4. Procedementos e órganos establecidos, se é o caso, pola fundación bancaria para detectar e resolver os posibles conflitos de intereses coa entidade de crédito participada.

Artigo 15. *Actividade da obra social desenvolvida.*

O informe anual de goberno corporativo terá unha epígrafe titulada «Actividade da obra social desenvolvida», que conterá, ao menos, a seguinte información:

1. Un resumo do plan de actuación correspondente ao exercicio a que se refire o informe anual de goberno corporativo, así como ao exercicio anterior, que indique, ao menos, o orzamento asignado e a súa liquidación por programas e a procedencia dos recursos dispoñibles. Informarase, igualmente, sobre os posibles desfases da execución do orzamento en cada programa específico desenvolvido.

2. Información sobre a existencia, se é o caso, dunha comisión delegada con competencias específicas relacionadas coa obra social e as actividades conexas, a súa composición, as competencias atribuídas e a forma de designación dos seus membros.

3. No suposto de que a fundación bancaria desenvolva actividades económicas cuxo obxecto estea relacionado coa súa actividade principal ou sexan complementarias ou accesorias desta, un resumo destas actividades económicas.

Sección 3.^a Requisitos de remisión e publicación

Artigo 16. *Obrigas de remisión do informe anual de goberno corporativo.*

1. O padroado remitirá o informe anual de goberno corporativo ao protectorado competente por vía telemática a través do sistema que este determine.

2. O prazo máximo para remitir o informe anual de goberno corporativo ao protectorado será de catro meses desde a finalización do exercicio económico.

Artigo 17. *Obrigas de publicación do informe anual de goberno corporativo.*

1. Os informes de goberno corporativo serán obxecto de publicación na páxina web da fundación bancaria.

A publicación realizarase nun lugar da páxina visible, de fácil acceso e claramente sinalizado. A publicación deberase manter na páxina durante un prazo non inferior a cinco anos.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a fundación bancaria adoptará as medidas necesarias para garantir que o informe de goberno corporativo sexa accesible ao público, quen poderá consultalo durante un prazo non inferior a cinco anos.

3. A publicación realizarase de maneira inmediata e, en todo caso, nun prazo non superior a dez días á remisión ao protectorado.

No caso de que se produza emenda de deficiencias, será publicado o novo informe cun resumo das correccións efectuadas.

CAPÍTULO III

Normas e modelos de información financeira aplicables ás fundacións bancarias

Artigo 18. *Normas e modelos de información financeira.*

1. As normas e os modelos da información financeira das fundacións bancarias a que se refire o artigo 46.3 da Lei 26/2013, do 27 de decembro, axustaranse ao disposto neste capítulo.

2. As fundacións bancarias aplicarán as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos coas particularidades que determine o Banco de España.

Artigo 19. *Información financeira.*

A información financeira a que se refire o artigo anterior poderá ser:

a) De carácter público, como información a terceiros da imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e das variacións orixinadas no patrimonio neto durante o exercicio, así como da actividade desenvolvida, de conformidade coas disposicións legais.

b) De carácter reservado, como información ao Banco de España, con obxecto de que este poida cumprir as súas funcións recollidas no artigo 46 da Lei 26/2013, do 27 de decembro, e na normativa de solvencia e de elaboración de estatísticas de carácter monetario, financeiro ou económico.

Artigo 20. *Fixación das obrigas contables.*

1. As normas e os modelos da información financeira das fundacións bancarias dispoñerán o seguinte:

- a) A forma, a frecuencia e o prazo da publicación dos estados de carácter público.
- b) A forma, a frecuencia e o prazo de rendición dos estados reservados, sen prexuízo de que poida requirir individualmente ás entidades canta información adicional precise no cumprimento das súas funcións.
- c) As correlacións entre os estados públicos e os reservados.

2. No desenvolvemento das normas e modelos da información financeira das fundacións bancarias aplicaranse criterios de publicidade homoxéneos para todas as fundacións bancarias.

3. As normas e os modelos da información financeira das fundacións bancarias basearanse nos principios e nas normas de contabilidade xeralmente aceptados para as fundacións e para as entidades de crédito.

4. Para o establecemento e modificación das sinaladas normas e modelos, coa excepción dos estados contables reservados, será preceptivo o informe previo do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

Artigo 21. *Modelos dos estados financeiros de carácter público.*

1. Os modelos dos estados financeiros de carácter público serán de uso obrigatorio polas fundacións bancarias nas súas contas anuais.

2. Os datos publicados polas entidades nas súas memorias, revistas, folletos, boletíns ou anuncios, sexa cal sexa o medio de comunicación utilizado, deberanse corresponder cos que se conteñen nos estados públicos e reservados.

Disposición adicional primeira. *Ámbito temporal do informe anual de goberno corporativo.*

O informe anual de goberno corporativo que deberán presentar as fundacións bancarias respecto do exercicio económico no cal se creasen, transformasen ou extinguisen referirse ao período de tempo durante o cal teñan a súa condición de fundación bancaria.

Disposición adicional segunda. *Informe de goberno corporativo correspondente ao exercicio 2014.*

As fundacións bancarias constituídas en 2014 deberán aprobar e remitir un informe de goberno corporativo respecto da actividade que desenvolvesen durante o exercicio do ano 2014 antes do 31 de decembro de 2015.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde ECC/461/2013, do 20 de marzo, pola que se determinan o contido e a estrutura do informe anual de goberno corporativo, do informe anual sobre remuneracións e doutros instrumentos de información das sociedades anónimas cotizadas, das caixas de aforros e doutras entidades que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores.*

A disposición derradeira segunda da Orde ECC/461/2013, do 20 de marzo, pola que se determinan o contido e a estrutura do informe anual de goberno corporativo, do informe anual sobre remuneracións e doutros instrumentos de información das sociedades anónimas cotizadas, das caixas de aforros e doutras entidades que emitan valores admitidos a negociación en mercados oficiais de valores, queda redactada como segue:

«Disposición derradeira segunda. *Habilitación á Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

A Comisión Nacional do Mercado de Valores queda habilitada para detallar mediante circular o contido e a estrutura dos informes de goberno corporativo e de remuneracións de conformidade co previsto no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2012, do 2 de xullo, e nesta orde ministerial, para cuxos efectos poderá establecer modelos ou impresos conforme os cales as diferentes entidades os deberán facer públicos.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación mercantil; as bases da ordenación de crédito, banca e seguros, e as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Habilítase o Banco de España para desenvolver mediante circular as normas e modelos da información financeira aplicables ás fundacións bancarias a que se refire o artigo 46.3 da Lei 26/2013, do 27 de decembro, nos termos previstos no capítulo III desta orde.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 30 de novembro de 2015.–O ministro de Economía e Competitividade, Luis de Guindos Jurado.

ANEXO

MODELO DE INFORME ANUAL DE GOBERNO CORPORATIVO DAS FUNDACIÓNS BANCARIAS

DATOS IDENTIFICATIVOS DA FUNDACIÓN BANCARIA

DATA DE FIN DO EXERCICIO DE REFERENCIA

CIF

Denominación:

Domicilio:

Institución ou órgano que exerce o protectorado:

INFORME ANUAL DE GOBERNO CORPORATIVO DAS FUNDACIÓNS BANCARIAS

A. ESTRUCTURA, COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

A.1. Órganos existentes e competencias.

A.1.1. Indique os órganos existentes na fundación bancaria e a súa orixe legal ou estatutaria:

Órgano	Orixe legal/estatutaria

A.1.2. Describa as competencias e funcións dos distintos órganos da fundación bancaria que sexan indelegables e as competencias e funcións delegadas en favor doutras persoas ou órganos, así como os apoderamentos. Complete os seguintes cadros:

Competencia ou función indelegable	
Órgano	Competencia ou función indelegable

Competencia ou función delegable		
Órgano	Competencia ou función delegable	Persoa ou órgano en que se delega

A.2 Estructura, composición e funcionamento do padroado.

A.2.1 Indique se o padroado está dotado dun regulamento e informe sobre as súas modificacións:

Regulamento (SI/NON, data de aprobación)	Modificación (SI/NON, data da modificación)	Lugar en que está dispoñible para a súa consulta

A.2.2 Indique o número de padroeiros e xustifique a súa proporcionalidade en relación co volume de activos:

Número total de padroeiros	
Volume de activos da fundación	
Proporción número de padroeiros/Volume de activos	

Xustificación da proporcionalidade en relación co volume de activos

A.2.3 Identifique os padroeiros e determine o grupo a que pertencen:

Identidade dos padroeiros			
Nome do padroeiro	NIF ou CIF	Persoa física que, se é o caso, o representa	Data do nomeamento

	Composición do padroado en función do grupo a que pertencen os padroeiros	
	Número de padroeiros	% sobre o total
Fundadores		
Entidades representativas de intereses colectivos		
Persoas que achegasen recursos de maneira significativa		
Persoas independentes de recoñecido prestixio		
Persoas con coñecementos e experiencia específicos en materia financeira		

